MEMORIA ECONÓMICA-FINANCEIRA DO ANTEPROXECTO DE LEI PARA A IGUALDADE EFECTIVA DE MULLERES E HOMES DE GALICIA

O artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas establece que a formulación de iniciativas lexislativas por parte da Xunta de Galicia, así como a aprobación de normas de rango regulamentario, plans ou programas de actuación de contido económico financeiro, requirirán a previa dispoñibilidade dunha memoria económico financeira que avalíe axeitadamente os custos que esas propostas poidan representar e que considere as posibilidades ou alternativas existentes para o seu financiamento cando delas poida derivarse un incremento do gasto público.

En consecuencia, elabórase a presente memoria en relación coa tramitación do anteproxecto de Lei de para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, tendo en conta o previsto na Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se establece o contido mínimo da memoria económico financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuacións.

1. Antecedentes

A igualdade de dereitos de mulleres e homes é un pilar básico das sociedades democráticas modernas recoñecido a todos os niveis normativos. A Comunidade Autónoma de Galicia, en desenvolvemento das obrigas impostas no artigo 4 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, vense comprometendo dende sempre na defensa da igualdade de xénero e, froito deste compromiso, aprobou duas leis pioneiras inspiradas no principio de transversalidade: a Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e a Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

As ditas leis apenas sufriron cambios dende a súa aprobación fai máis de 14 anos, polo que se considera imprescindible tramitar unha nova lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que permitirá dispoñer dunha normativa máis completa e adecuada para facer fronte ás necesidades existentes na nosa comunidade autónoma, acorde coa experiencia e os

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE
Complexo Administrativo de San lázaro s/nº
15781 Santiago de Compostela
igualdade@xunta.gal
www.xunta.gal

avances que esta materia experimentou nos últimos anos, tanto a nivel internacional, nacional e autonómico.

2. Finalidade e estrutura

A finalidade da norma é actualizar as disposicións anteriormente vixentes introducindo elementos novos e mantendo outros que se modifican parcial ou totalmente co obxecto de procurar unha normativa máis completa e adecuada para facer fronte ás necesidades existentes na nosa comunidade autónoma.

A Lei consta de 210 artigos estruturados en 8 títulos (ademais de 1 título preliminar), 29 capítulos, 2 disposicións adicionais, 1 disposición transitoria, 1 disposición derrogatoria e 3 disposicións derradeiras.

Título I

O Título I, baixo a rúbrica, Dereito á igualdade de mulleres e homes , inclúe 21 artigos nos que se definen os conceptos básicos do dereito á igualdade de mulleres e homes.

Título II

O Título II regula a integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral e do Sector Público autonómico de Galicia, en 13 capítulos.

Título III

O título III regula en 6 capítulos a igualdade de mulleres e homes no emprego e as relacións laborais.

Título IV

O título IV da Lei, estruturado en 5 capítulos, ocúpase da promoción da igualdade de mulleres e homes no eido local.

Título V

O título V consta de 15 artigos e afonda nos dereitos das mulleres rurais e do mar.

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE
Complexo Administrativo de San lázaro s/nº
15781 Santiago de Compostela
igualdade@xunta.gal
www.xunta.gal

Título VI

O título VI aborda a regulación de aspectos específicos e concretos das condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega. Non se inclúen as cuestións xa contempladas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Título VII

Este título acomete a cuestión da organización das estruturas administrativas no ámbito da igualdade

Título VIII

Neste último título regúlase a competencia da Valedoría do Pobo como garantía institucional, con competencias para velar pola igualdade de trato e de oportunidades de mulleres e homes, pola erradicación da discriminación por xénero, e pola erradicación da violencia de xénero.

3. Estudo económico

A tramitación deste anteproxecto de lei non implica para a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu Sector Público un impacto orzamentario adicional para o desenvolvemento das medidas e actuacións contempladas nel, dado que non incrementa nin diminúe os ingresos e/ou os gastos públicos previstos nas diferentes aplicacións orzamentarias vixentes no orzamento, ben por tratarse de medidas xa contempladas noutras normas vixentes ou en distintos Plans Estratéxicos, ben de actuacións que xa se están a desenvolver ou de medidas/actuacións sen custo económico asociado.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2022
A secretaria xeral da Igualdade

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Susana López Abella

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE
Complexo Administrativo de San lázaro s/nº
15781 Santiago de Compostela
igualdade@xunta.gal
www.xunta.gal